

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS

(Nova redacción)

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación e natureza

1. Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro, das previstas na Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. A asociación ten a seguinte denominación: "ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS"
2. A asociación rexerese por ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2. Domicilio

A asociación establece o seu domicilio social na localidade de Malpica, rúa As Neves, Edificio Impoga, 3º Esquerda. C.P. 15113.

Artigo 3. Ámbito de actuación

A asociación, en función dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Costa da Morte, aínda que a promoción será a todos os niveis.

Artigo 4. Duración

1. A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
2. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5. Fins

1. O fin principal da asociación é que O Camiño dos Faros (ruta de sendeirismo de 200 km pola beiramar entre Malpica e Fisterra) perviva no tempo tal e como a deseñaron os trasnos, e que a faga moita xente co máximo respecto á natureza.

Para o cumprimento deste fin farase especial fincapé en:

- a) Promocionar esta ruta en todo os ámbitos como un destino de natureza e sostible.
- b) Concienciar e defender este tramo da Costa da Morte para que estea sempre libre de calquera especulación e que todos o poidamos gozar como está agora.
- c) Inspirar, fomentar e apoiar calquera iniciativa tanto pública como privada que cumpra o fin principal da asociación.
- d) Facelo todo cunha filosofía de baixo custe e máxima eficiencia.

2. Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) Promoción da ruta de O Camiño dos Faros en todos os ámbitos xeográficos e en todos os colectivos e sectores de interese.
- b) Realización da ruta con todo tipo de colectivos e fomento da súa realización, por si mesmos, de calquera persoa ou grupo.
- c) Mantemento e sinalización da ruta
- d) Organización de actividades paralelas (a modo de exemplo quedadas, ceas, concertos, exposicións,...) ou calquera outra actividade que a asociación considere de interese para a consecución dos obxectivos.
- e) Información da ruta en varios soportes e mellora continua dos contidos (web, redes sociais, apps, medios escritos, audiovisuais, etc.)
- f) Venta de merchandising do Camiño dos Faros
- g) Ofrecer ideas e fomentar iniciativas que cumpran os fins principais da asociación, tanto a nivel privado como de empresa.
- h) Apoio e organización de viaxes dos distintos colectivos que queiran facer o camiño pola súa conta.
- i) Convocar reunións, debates, foros, etc., que promovan a defensa e coñecemento do Camiño dos Faros
- j) Calquera outra actividade non descrita anteriormente e que se adecúe aos fins da asociación.

CAPÍTULO II

DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 6. Requisitos

1 - Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas, que non teñan débedas pendentes coa asociación e estean plenamente de acordo cos fins da asociación.

2 - Poderán ser integrantes da asociación na súa sección xuvenil, os menores de 18 anos, co consentimento documentalmente acreditado do seu titor legal. Pasarán automaticamente a ser persoas asociadas numerarias ao cumprir a maioría de idade.

3 – As solicitudes de alta na Asociación deberán ser ratificadas pola Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito da persoa que desexa ser admitida.

Artigo 7. Clases de persoas asociadas e condicións

Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados/as:

- a) Persoas asociadas fundadoras: aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional. A cota anual será fixada pola Asemblea Xeral.
- b) Persoas asociadas numerarias: aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscripción da acta fundacional. A cota anual será fixada pola Asemblea Xeral.
- c) Persoas asociadas honorarias: aquelas persoas físicas que sexan merecedoras de tal distinción polos seus méritos persoais ou profesionais ou por destacar de xeito notable no desenvolvemento da asociación. Serán propostos pola Xunta Directiva, con informe escrito onde se reflectan os seus méritos e serán nomeadas pola Asemblea Xeral coa previa aceptación do interesado. Estarán exentas do pago de cotas.
- d) Xuvenís: aquelas persoas menores de 18 anos que participen na asociación e que estarán integradas na sección xuvenil no seu caso. A cota anual será fixada pola Asemblea Xeral.

- e) Persoas asociadas descubridoras: só poderán ostentar esta denominación as 6 persoas que saíron de Malpica o 7 de Decembro de 2012 para percorrer o que hoxe coñecemos como Camiño dos Faros. Serán propostas pola Xunta Directiva con un informe escrito onde se reflicten os seus méritos e serán nomeadas pola Asemblea Xeral coa previa aceptación do interesado. Terán pleno dereito e estarán exentas do pago das cotas anuais.
- f) Persoas asociadas colaboradoras: aquelas persoas físicas que contribúan economicamente, de forma desinteresada, en favor da Asociación, e que se o desexan, poden participar nas actividades que a Asociación organice pero sen participar na xestión nin das decisións desta. A cota anual será de aportación libre non podendo ser inferior a establecida para as persoas asociadas numerarias.

Artigo 8. Perda da condición de persoa asociada

1. A condición de persoa asociada pérdese:

- a) Por vontade propia, que deberá manifestar por escrito á Xunta directiva.
- b) Por falta de pago de 1 cota, que será efectiva desde a notificación do acordo adoptado pola Xunta Directiva á persoa interesada.
- c) Por incumprimento dos presentes estatutos, das súas obrigas como persoa asociada ou dos acordos validamente adoptados polos órganos da asociación, así como pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.
- d) Por falecemento da persoa

2. A expulsión das persoas asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior motivará a rápida intervención dos órganos da Asociación. Será acordada pola Xunta Directiva, que dará á e ao interesado a oportunidade de réplica. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 9. Dereitos

1. As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea xeral, de acordo cos estatutos.
- b) Ser informadas da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- c) Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e ser informadas dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.
- d) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.

2. As persoas asociadas con carácter honorario, xuvenil e colaborador non intervirán na dirección da asociación nin nos seus órganos de representación. Ambas están facultadas para asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 10. Obrigas e deberes

1. Son obrigas das persoas asociadas:

- a) Pagar as cotas que se establezan.
- b) Desempeñar os cargos para os que foron elixidas.
- c) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.

d) Acatar e cumprir o contido dos estatutos.

As persoas asociadas con carácter honorario, xuvenil e colaborador terán as mesmas obrigas a excepción das previstas no apartado b) anterior.

2. Son deberes das persoas asociadas:

- a) Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
- b) Ter unha boa conducta individual e cívica.
- c) Asistir ás asembleas e demais actos organizados pola asociación, que pola súa importancia para a xestión da mesma, a Xunta Directiva requira a asistencia obrigatoria.

As persoas asociadas con carácter honorario, xuvenil e colaborador terán os mesmos deberes a excepción das previstas no apartado c) anterior.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11. Órganos da Asociación

A dirección e administración da asociación serán exercidas pola Presidencia, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

A XUNTA DIRECTIVA

Artigo 12. Composición

1. A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación de acordo coas disposición e directivas da Asemblea Xeral.

Estará formada por presidencia, vicepresidencia, secretaria, tesourería e 4 vogalías. Serán designadas pola Asemblea Xeral entre as persoas asociadas maiores de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís e que non estean incurso en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos.

2. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados os gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación.

3. A Asemblea Xeral será a competente para elixir os cargos da Xunta Directiva. A súa duración será por un período de 4 anos, aínda que poden ser obxecto de sucesivas reeleccións indefinidamente.

4. Os cargos cesarán na súa función por:

- a) Falecemento da persoa
- b) Renuncia voluntaria.
- c) Resolución xudicial.
- d) Perda da condición de persoa asociada.
- e) Transcurso do prazo para o que foron elixidos. Neste caso, e en tanto non se proceda á elección da nova Xunta Directiva, aquela continuará en funcións ata a designación dos novos membros.
- f) Acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva, adoptado por 2/3 dos asociados reunidos en Asemblea Xeral extraordinaria convocada para tal efecto.



A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ó cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día da persoa que o suceda.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas de forma provisoria entre as persoas que a forman ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións da presidencia, secretaria e tesourería.

Artigo 13. Facultades da Xunta directiva

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a) Programar e dirixir as actividades asociativas.
- b) Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
- c) Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- d) Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral.
- e) Propoñer á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para as persoas asociadas.
- f) Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
- g) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
- h) Resolver as solicitudes de ingreso de novos asociados.
- i) Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- j) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan e proceder a expulsión de algunha persoa asociada que non cumpra o estipulado no artigo nº 8 destes estatutos.
- k) Aquelas que non veñan atribuídas expresamente á outro órgano da asociación.

Artigo 14. Reunións e acordos

1. A Xunta Directiva será convocada pola presidencia, a iniciativa propia ou a petición de calquera das persoas que a compoñen.
2. Para estar validamente constituída deberán estar presentes a metade máis un das persoas que a forman, en todo caso, as persoas que ostentan a presidencia e a secretaría ou as persoas que as substitúan.
3. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos e das asistentes, sendo necesaria a concurrencia, polo menos, da metade máis un das persoas que a forman parte da mesma. Os empates serán dirimidos mediante voto de calidade do presidente ou presidenta.
4. A secretaría ou, no seu defecto, a persoa que asuma a mesma en funcións, levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.

Artigo 15. Comisións

As persoas que forman a Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar



nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias.

Formarán parte de ditas comisións o número de persoas asociadas que acorde a Xunta Directiva, a proposta das súas respectivas presidencias.

Artigo 16. Presidencia

1. A persoa que obtente a presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar a asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva; presidir as sesións da Asemblea Xeral; dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade no caso de empate.
- c) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto coa secretaría ou persoa da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.
- f) Colaborar ou apoiar a outros cargos na xestión da asociación

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa que asuma a presidencia, a persoa a cargo da vicepresidencia asumirá as funcións da presidencia. Si se dese o caso de que o vicepresidente ou vicepresidenta estivese na mesma situación anteriormente citado, o presidente ou a presidenta designará entre os membros da Xunta Directiva a unha persoa que desenvolva esta función.

Artigo 17. Vicepresidencia

A persoa que ostente a vicepresidencia realizará as funcións da presidencia nos casos de ausencia ou enfermidade, podendo tamén actuar en representación da asociación nos supostos en que así se acorde pola Xunta Directiva ou pola Asemblea Xeral.

Artigo 18. Secretaría

1. A persoa que ostenta a secretaría terá as seguintes atribucións:

- a) Tramitar as solicitudes de ingreso na asociación e formalizar as inscricións de altas e baixas das persoas asociadas.
- b) Dirixir as actividades sociais e a administración da asociación.
- c) Formalizar as convocatorias de reunión por orde da presidencia e redactar as actas correspondentes
- d) Expedir certificacións dos acordos co visto e prace da presidencia, así como emitir informes.
- e) Redactar o inventario de bens da asociación.
- f) Custodia do arquivo de libros e documentos da asociación.
- g) Cumprir coas demais obrigas documentais nos termos que legalmente corresponda.
- h) Calquera outra función que se acorde para levar unha boa administración da asociación.

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa que asuma a Secretaría, o presidente ou a presidenta designará entre a Vogalía a unha persoa que desenvolva esta función.

Artigo 19. Tesourería

1. A persoa que ostenta a tesourería terá as seguintes atribucións:

- a) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á asociación, custodialos e investilos na forma acordada pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral
- b) Intervir coa súa sinatura todos os documentos de cobros e pagos co visto e conforme da presidencia
- c) Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a persoa que ostenta a presidencia.
- d) Elaboración do anteproxecto de orzamentos para a súa aprobación
- e) Levar os libros de contabilidade da asociación e elaborar as contas anuais para a súa aprobación pola Asemblea
- f) Calquera outras funcións propias de tesourería como a responsabilidade da xestión económico financeira da asociación.

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa que asuma a tesourería, o presidente ou a presidenta designará entre os membros da Xunta Directiva a unha persoa que desenvolva esta función.

Artigo 20. Vogalía

1. As persoas que ostentan a vogalía terán as atribucións propias do seu cargo así como outras que lles sexan encomendadas como:

- a) Realizar programas e propostas con carácter xeral ou en áreas de actuación determinadas.

ASEMBLEA XERAL

Artigo 21. Composición

A Asemblea Xeral é o órgano supremo e de expresión da vontade da asociación e estará formada por todas as persoas asociadas. A presidencia e a secretaría da asemblea serán as mesmas que ostenten ese cargo na Xunta Directiva ou as persoas que as substitúan.

Artigo 22. Reunións: clases e convocatorias

1. As reunións da Asemblea Xeral poden ser ordinarias ou extraordinarias.

A reunión ordinaria celebrarase como mínimo unha vez o ano.

As reunións extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, cantas veces o acorde a Xunta Directiva ou cando o soliciten por escrito o 10% das persoas asociadas. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido á presidencia, autorizado coas sinaturas das persoas solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

2. As convocatorias realizaranse por escrito sinalando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día. Entre a publicación ou notificación da convocatoria e a data da celebración da asemblea en primeira convocatoria debe mediar como mínimo un prazo de quince días naturais.

3. A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día serán enviadas vía e-mail as persoas asociadas, cunha antelación mínima de quince días naturais á celebración da Asemblea.

4. As notificacións das Asembleas farase na dirección social da asociación e nos locais da asociación se os tiveses.

Tamén poderán ser medios empregados para a notificación ás persoas asociadas o envío de e-mail, publicacións na páxina web da Asociación e nos diferentes medios de difusión social que a Asociación estime oportunos.

5. Admitirase reunións e asembleas xerais telemáticas, sempre e cando se utilicen as plataformas ou sistemas adecuados para verificar e acreditar a identidade das persoas asociadas ou representadas.

Artigo 23. Constitución e quórum de convocatoria e apertura das Asembleas

1. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas sempre que concorran un terzo das persoas asociadas na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con dereito a voto. En todo caso, terán que estar presentes as persoas que ostentan a presidencia e a secretaría ou as persoas que as substitúan.

2. As Asembleas abriranse cando así o determine o presidente ou presidenta. Seguidamente procederase, por parte da secretaría, á lectura da acta da asemblea anterior, que deberá ser aprobada. Posteriormente, o secretario ou secretaria procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ó debate e a aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Artigo 24. Facultades da Asemblea Xeral ordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

- a) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- b) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio, e o plan de actividades.
- c) Examinar e aprobar as cotas das persoas asociadas, a proposta da Xunta Directiva.
- d) Elixir e cesar as persoas integrantes da Xunta Directiva.
- e) Aprobar a incorporación ou separación a unha federación.
- f) Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
- g) Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.

Artigo 25. Facultades da Asemblea Xeral extraordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

- a) Modificar os estatutos da asociación, incluído o cambio de domicilio.
- b) Acordar a transformación da asociación.
- c) Acordar a fusión da asociación.
- d) Acordar a disolución da asociación e designar as persoas liquidadoras.
- e) As que sendo competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria.
- f) Todas aquelas outras que non foran conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou á Xunta Directiva.

Artigo 26. Adopción de acordos

1. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións; coa excepción dos acordos relativos ao artigo 25, que requirirán para a súa aprobación da maioría de dous terzos. A continuación, levaranse os acordos ó libro de actas e será asinado polas persoas que ostenten a presidencia e a secretaría da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada pola maioría das persoas asociadas presentes.

2. Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso as non asistentes.

CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 27. Patrimonio Inicial

A Asociación no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio de 0 euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 28. Recursos económicos

1.-A Asociación manterase dos seguintes recursos:

- a) As cotas periódicas das persoas asociadas
- b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral
- c) As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- d) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- e) Calquera outro ingreso, admitido pola normativa vixente, para actividades non lucrativas.

2.- A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias, que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicarase a atender as necesidades da asociación.

Artigo 29. Contas anuais

1. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable da asociación, así como unha memoria das actividades realizadas. Esta documentación estará a disposición das persoas asociadas. Sen embargo, a efectos de presentación do informe económico e o estado de contas ante a Asemblea Xeral, cando esta teña lugar antes do peche contable do exercicio vixente, a Xunta Directiva poderá presentar un informe provisional para a súa aprobación. O informe final deberá ser posto en coñecemento das persoas asociadas, para a súa ratificación na seguinte Asemblea.

2. A Xunta directiva levará os correspondentes libros de contabilidade, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da asociación.

Artigo 30. Destino de ingresos a fins da asociación

Como entidade sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación. En ningún caso, estes



beneficios poderán ser repartidos entre as persoas asociadas ou calquera outra persoa física ou xurídica con interese lucrativo.

Artigo 31. Disposición das contas

- 1- Poderán ser titulares das contas da asociación aqueles membros da Xunta Directiva que teñan asinada a función de xestión económica da asociación, como é o caso dos cargos de presidencia, vicepresidencia e tesourería.
- 2- Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade dalgún titular das contas, o presidente ou a presidenta designará entre os membros da Xunta Directiva a un novo titular para que poda desenvolver as funcións económicas asignadas.
- 3- Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten na entidade ou entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta de dous dos titulares da conta.
- 4- A Xunta Directiva poderá dispoñer dos fondos propios da Asociación para o desenvolvemento das súas funcións e xestión da Asociación, pero non terá capacidade para subscribir créditos ou calquera outro produto bancario que implique o endebedamento da Asociación sen o consentimento da Asemblea Xeral.

CAPÍTULO V

DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 32. Regulamento de réxime interno

Por acordo da Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva, pode aprobarse un regulamento de réxime interno, que desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos.

O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva ou o procedemento disciplinario, entre outros, e non poderá ir, en ningún caso, en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI

MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS, DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 33. Modificación dos estatutos

Os estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes das persoas asociadas asistentes. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto coas modificacións propostas.

Artigo 34. Disolución

A asociación disolverase polas seguintes causas:

- a. Por acordo adoptado por 2/3 dos asistentes en asemblea xeral extraordinaria, convocada para tal efecto.
- b. Polas causas que se determinan no art. 39 do Código Civil.
- c. Por sentenza xudicial firme.
- d. Polas demais causas que se determinen nos presentes estatutos.

Artigo 35. Liquidación

1. Acordada a disolución da asociación, ábrese o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.
2. As persoas que constitúen a xunta directiva no momento da disolución convértense en liquidadoras, salvo designación expresa de liquidadores/as pola asemblea xeral ou por autoridade competente.
3. Corresponde ás persoas liquidadoras:
 - a) Velar pola integridade do patrimonio da asociación.
 - b) Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
 - c) Cobrar os créditos da Asociación.
 - d) Liquidar o patrimonio e pagar os acredores.
 - e) Destinar o haber resultante da liquidación aos fins previstos no acordo de disolución ou nos estatutos, que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.
 - f) Solicitar a baixa da asociación e cancelación de asentos rexistrados.
4. Á solicitude de inscrición da disolución da asociación no rexistro acompañarase do xustificante acreditativo do destino dos bens resultantes da liquidación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos será de aplicación a Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

DILIXENCIA FINAL

Esta "nova redacción" dos estatutos foron revisados de novo, coa modificación e inclusión dos puntos tratados na Asemblea Extraordinaria celebrada o día 4 de maio 2024, e aprobados pola mesma por unanimidade das persoas asociadas asistentes a favor.